

3.5

educación educación

O obxectivo deste capítulo é a análise da educación en Galicia, que se aborda coa seguinte estrutura: partindo da presentación dos presupostos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e do nivel educativo da poboación segundo os datos da EPA, analízase, de unha banda, a educación non universitaria (educación infantil e primaria, e educación secundaria: ESO, BUP e COU, FP) cos datos do alumnado, profesorado e centros de ensino; por outra, o estudo céntrase na educación universitaria nos tres campus galegos atendendo ó número de alumnos e ás súas preferencias; finalmente, considéranse “outros” estudos non universitarios, como escolas oficiais de idiomas, escolas de arte ou conservatorios de música.

Para a realización do mesmo, teranse en conta os datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a EPA, o Ministerio de Educación y Ciencia, a Dirección Xeral de Universidades, os Presupostos

da Xunta e maila Comisión Universitaria de Galicia.

Os **presupostos** da Xunta de Galicia para o ano 1999 en materia de educación ascenderon a 226.812 millóns de pesetas, un 7,7% máis que o ano anterior, cando se adicaron un total de 210.555 millóns de pesetas, tal e como indica o **cadro 3.5.1**. A partida máis importante, a pesar do descenso relativo no total do presuposto de educación, é a de gastos de persoal, que foi, en 1999, de 137.380 millóns de pesetas.

No marco dos presupostos, ó programa 353 F “Fomento da lingua galega” adícanse un total de 2.797,7 millóns de pesetas, un 1,4% menos que o adicado ó ano anterior (2.837,5 millóns), o que representa o 1,2% do total do presuposto consolidado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Dos 2.797,7 millóns do programa 353 F, a Dirección Xeral de Política Lingüística adica

CADRO 3.5.1.

Presupostos da Consellería de Educación 1998-99

(en millóns de pesetas)

	1998	1999	99/98
Capítulo I	129.311	137.380	6,2
Resto	81.244	89.432	10,1
Total	210.555	226.812	7,7

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 3.5.2.

Poboación activa 1998-99: distribución segundo sexo e nivel de estudos

(en miles de persoas)

	1998	1999
	(medias anuais)	
Homes		
Analfabetos	1,1	0,7
Sen estudos	38,1	30,3
Primarios	231,1	214,8
Medios	315,4	331,2
Nivel anterior a superiores	25,3	29,5
Superiores	36,0	41,3
Total	647,1	647,7
Mulleres		
Analfabetos	2,5	2,0
Sen estudos	36,1	32,5
Primarios	143,3	138,1
Medios	205,8	218,7
Nivel anterior a superiores	45,8	47,3
Superiores	29,9	37,7
Total	463,4	476,2
Total		
Analfabetos	3,6	2,7
Sen estudos	74,2	62,7
Primarios	374,4	353,0
Medios	521,2	549,8
Nivel anterior a superiores	71,1	76,8
Superiores	65,9	79,0
Total	1.110,5	1.123,9

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

un total de 1.259,7 millóns de pesetas (20 máis que en 1998) ás Campañas de Normalización Lingüística, que inclúe tódolos programas, plans e accións necesarios para levar a cabo campañas de promoción e sensibilización a prol da lingua galega. Os sectores concretos onde se dirixen estas accións son o ensino, os medios de comunicación, a familia e outros colectivos, a igrexa católica: promoción do ano xacobeo, e as participacións en ferias, exposicións e demostracións culturais así como presenza de profesorado galego en centros do exterior.

A **poboación ocupada** na educación en Galicia, segundo os datos da EPA amosados no **cadro 4.0.3. (Poboación ocupada 1998-99: distribución por ramas de actividade)**, era de 47,7 miles de persoas en 1999, fronte ás 50,2 miles de persoas do ano anterior (un 5% menos). Do total de persoas ocupadas na poboación en 1999 segundo a EPA, o 71,9%, é dicir, un total de 34,3 miles de persoas, corresponde ó profesorado de centros non universitarios.

O **nivel educativo** da poboación pode

CADRO 3.5.3.

Alumnos matriculados en centros de ensino nas CC.AA. nos cursos 1997-98 e 1998-99 ⁽¹⁾

	curso 97-98	curso 98-99	98-99 / 97-98 (%)
Andalucía	1.491.997	1.469.239	-1,5
Aragón	185.870	181.611	-2,3
Asturias	168.272	159.876	-5,0
Baleares	140.671	140.105	-0,4
Canarias	350.045	344.313	-1,6
Cantabria	91.927	88.351	-3,9
Castela - A Mancha	414.794	399.478	-3,7
Castela e León	323.432	318.641	-1,5
Cataluña	1.058.624	1.027.322	-3,0
C. Valenciana	706.369	700.865	-0,8
Extremadura	211.274	207.272	-1,9
Galicia	461.920	441.614	-4,4
Madrid	923.140	903.249	-2,2
Murcia	235.584	231.953	-1,5
Navarra	86.006	83.833	-2,5
País Vasco	342.498	329.793	-3,7
Rioxa	44.186	42.943	-2,8
Ceuta	15.433	15.489	0,4
Melilla	14.024	14.211	1,3
Total	7.266.066	7.100.158	-2,3

(1) inclúe o alumnado matriculado en E. Infantil/Preescolar, E. Primaria/Preescolar, ESO, BUP, COU, Bach. LOGSE, Bach. Experimental, FP, Garantía Social, Ciclos Formativos/Mód. Profesionais, e Ed. Especial.

Non inclúe os alumnos de E. a distancia

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

deducirse dos datos recollidos no **cadro 3.5.2.**, que nos indica que, en 1999, continua o descenso da poboación analfabeta e sen estudos, que ascende a 2,7 e 62,7 miles de persoas, respectivamente. En termos relativos, estes colectivos supoñen o 0,2% e 5,6%, respectivamente, da poboación activa galega (0,3% e 6,7% no ano anterior).

Pola contra, medra o número de persoas encadradas nos niveis de estudos medios, niveis anteriores a superior, e superiores. En conxunto, en 1999 ascende a 705,6 miles de persoas, un 7,2% superior á do ano anterior.

O número de alumnos e alumnas matriculados nos centros non universitarios no curso 1998-99 segue coa súa tendencia á baixa iniciada nos últimos anos da década anterior e a un ritmo superior ó existente para o conxunto de España. Mentres que en Galicia o descenso foi do 4,4% respecto ó curso anterior, a nivel estatal a caída foi dun 2,3%, tal e como reflicte o **cadro 3.5.3.** Comparado coas outras comunida-

des autónomas, ó igual que o acontecido no curso anterior, a diminución de alumnos nos centros galegos só é superada polo descenso nos centros asturianos (un 5% respecto ó curso anterior).

Educación infantil e primaria

Atendendo ós datos recollidos no **cadro 3.5.4.**, o número de centros de educación infantil e primaria en Galicia foi de 1.500 e 1.182 respectivamente, que supoñen o 9,5% e o 8,4% do total de centros de educación infantil e primaria en España. Do total dos centros de educación infantil e primaria, o 83,7% son centros públicos, en tanto que o 16,3% restante son centros privados.

En canto ó número de alumnos e alumnas matriculados en Galicia nos centros de educación infantil, en 1999 continúa o descenso experimentado no curso anterior. No curso 98/99 o número de alumnos ascendeu a 57.444, un 5,5% menos que no curso anterior. Os rapa-

CADRO 3.5.4.

Centros de ensino en funcionamento no curso 1998-99 ⁽¹⁾

	Galicia					Total España		
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. competencias	Territorio MEC	Total
Ed. infantil								
Pública	1.263	533	153	129	448	7.340	4.103	11.443
Privada	237	98	21	27	91	2.847	1.544	4.391
Total	1.500	631	174	156	539	10.187	5.647	15.834
Ed. Primaria								
Pública	983	425	146	116	296	6.764	3.846	10.610
Privada	199	74	19	23	83	2.170	1.321	3.491
Total	1.182	499	165	139	379	8.934	5.167	14.101
Ed. Especial (2)								
Pública	16	5	4	2	5	370	122	492
Privada	22	10	-	-	12	215	112	327
Total	38	15	4	2	17	585	234	819
E. Sec. Obligatoria								
Pública	520	183	59	72	206	4.322	2.798	7.120
Privada	180	61	17	23	79	1.935	1.323	3.258
Total	700	244	76	95	285	6.257	4.121	10.378
BUP e COU								
Pública	122	50	16	18	38	784	380	1.164
Privada	77	36	2	11	28	567	539	1.106
Total	199	86	18	29	66	1.351	919	2.270
Bacharelato LOGSE								
Pública	64	25	13	4	22	1.146	927	2.073
Privada	2	1	1	-	-	462	109	571
Total	66	26	14	4	22	1.608	1.036	2.644
Bacharelato Experimental								
Pública	-	-	-	-	-	11	-	11
Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
Total	-	-	-	-	-	11	-	11
F.P.								
Pública	100	36	17	17	30	561	206	767
Privada	50	27	-	7	16	435	197	632
Total	150	63	17	24	46	996	403	1.399
Cic. Form. /Mód. Prof.								
Pública	86	33	16	9	28	852	568	1.420
Privada	33	17	1	2	13	369	233	602
Total	119	50	17	11	41	1.221	801	2.022
Progr. Garantía Social								
Pública	27	11	4	3	9	358	375	733
Privada	10	3	-	3	4	108	95	203
Total	37	14	4	6	13	466	470	936
Total	3.181	1.301	428	370	1.082	22.508	13.325	35.833
Pública	810	327	61	96	326	9.108	5.473	14.581
Total	3.991	1.628	489	466	1.408	31.616	18.798	50.414

(1) avance

(2) refírese a centros específicos de educación especial

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

CADRO 3.5.5.

Alumnos nos centros de ensino no curso 1998-99 ⁽¹⁾

		Galicia					Total España		
		Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. con competencias	Territorio MEC	Total
Ed. infantil	Pública	40.443	16.137	4.988	4.264	15.054	469.577	294.015	763.592
	Privada	17.001	6.882	1.527	1.755	6.837	230.058	133.403	363.461
	Total	57.444	23.019	6.515	6.019	21.891	699.635	427.418	1.127.053
Ed. Primaria	Pública	106.236	41.665	14.325	11.248	38.998	1.073.331	637.045	1.710.376
	Privada	43.744	17.636	3.739	5.091	17.278	520.805	333.917	854.722
	Total	149.980	59.301	18.064	16.339	56.276	1.594.136	970.962	2.565.098
Ed. Especial (2)	Pública	870	472	113	94	191	8.438	5.388	13.826
	Privada	600	250	-	-	350	9.173	5.115	14.288
	Total	1.470	722	113	94	541	17.611	10.503	28.114
ESO 1º Ciclo	Pública	46.946	19.422	6.442	4.890	16.192	409.630	246.959	656.589
	Privada	17.527	6.724	1.489	2.294	7.020	208.752	137.851	346.603
	Total	64.473	26.146	7.931	7.184	23.212	618.382	384.810	1.003.192
ESO 2º Ciclo	Pública	33.254	13.586	4.646	2.932	12.090	396.786	272.815	669.601
	Privada	9.249	3.746	739	1.123	3.641	146.839	81.535	228.374
	Total	42.503	17.332	5.385	4.055	15.731	543.625	354.350	897.975
BUP e COU	Pública	54.050	23.234	6.343	6.113	18.360	255.787	93.592	349.379
	Privada	12.850	6.249	384	1.849	4.368	84.964	97.171	182.135
	Total	66.900	29.483	6.727	7.962	22.728	340.751	190.763	531.514
Bacharelato LOGSE	Pública	7.456	3.487	1.292	216	2.461	173.415	165.109	338.524
	Privada	196	118	78	-	-	50.546	10.373	60.919
	Total	7.652	3.605	1.370	216	2.461	223.961	175.482	399.443
Bacharelato Experimental	Pública	-	-	-	-	-	693	-	693
	Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
	Total	-	-	-	-	-	693	-	693
BUP e COU a distancia	Pública	6.605	2.754	892	792	2.167	25.279	16.564	41.843
	Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
	Total	6.605	2.754	892	792	2.167	25.279	16.564	41.843
Bach. LOGSE a distancia	Pública	-	-	-	-	-	337	615	952
	Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
	Total	-	-	-	-	-	337	615	952
F.P.I	Pública	7.232	3.306	1.245	907	1.774	29.560	5.260	34.820
	Privada	2.446	618	-	479	1.349	23.090	11.040	34.130
	Total	9.678	3.924	1.245	1.386	3.123	52.650	16.300	68.950
F.P.II	Pública	24.121	11.040	3.268	2.451	7.362	117.485	42.667	160.152
	Privada	3.780	1.568	-	202	2.010	41.707	18.410	60.117
	Total	27.901	12.608	3.268	2.653	9.372	159.192	61.077	220.269
C.F.G.M. /Mód. II	Pública	4.807	1.808	985	249	1.765	49.833	39.053	88.886
	Privada	877	307	42	57	471	18.071	10.477	28.548
	Total	5.684	2.115	1.027	306	2.236	67.904	49.530	117.434
C.F.G.S. /Mód. III	Pública	6.122	2.291	897	534	2.400	45.778	39.533	85.311
	Privada	875	284	10	-	581	17.726	7.255	24.981
	Total	6.997	2.575	907	534	2.981	63.504	46.788	110.292
C.F.G.M. /Mód. II a distancia	Pública	-	-	-	-	-	97	-	97
	Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
	Total	-	-	-	-	-	97	-	97
C.F.G.S. /Mód. III a distancia	Pública	-	-	-	-	-	-	575	575
	Privada	-	-	-	-	-	-	-	-
	Total	-	-	-	-	-	-	575	575
Programas de Garantía Social (3)	Pública	620	283	36	45	256	11.069	10.724	21.793
	Privada	312	113	-	84	115	3.866	4.472	8.338
	Total	932	396	36	129	371	14.935	15.196	30.131
Total	Pública	338.762	139.485	45.472	34.735	119.070	3.067.095	1.869.914	4.937.009
	Privada	109.457	44.495	8.008	12.934	44.020	1.355.597	851.019	2.206.616
	Total	448.219	183.980	53.480	47.669	163.090	4.422.692	2.720.933	7.143.625

(1) avance

(2) refírese ó alumnado de centros específicos e ó das aulas de Educación Especial en centros ordinarios. Non inclúe o alumnado de integración

(3) inclúe ó alumnado de Programas de Garantía Social impartidos en centros docentes e en actuacións fóra de centros
Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

CADRO 3.5.6.

Alumnos por unidade en educación infantil e educación primaria/EXB nos cursos 1997-98 e 1998-99

	Todos los centros				Centros públicos				Centros privados			
	Ratio alumnado/unidade Curso 97-98	Ratio alumnado/unidade Curso 98-99	Diferencia	Ratio alumnado/unidade Curso 97-98	Ratio alumnado/unidade Curso 98-99	Diferencia	Ratio alumnado/unidade Curso 97-98	Ratio alumnado/unidade Curso 98-99	Diferencia	Ratio alumnado/unidade Curso 97-98	Ratio alumnado/unidade Curso 98-99	Diferencia
Total xeral	21,15	20,65	-0,50	20,15	19,70	-0,45	23,55	23,10	-0,45	23,55	23,10	-0,45
Territorio MEC	22,01	21,55	-0,46	20,90	20,54	-0,36	25,27	24,37	-0,90	25,27	24,37	-0,90
CC.AA. con competencias	20,51	19,97	-0,54	19,19	18,72	-0,47	23,66	23,08	-0,59	23,66	23,08	-0,59
Galicia	18,85	18,10	-0,75	17,60	16,80	-0,80	22,80	22,45	-0,35	22,80	22,45	-0,35

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

ces e rapazas que reciben a educación infantil son un 12,8% do total de alumnos galegos non universitarios. De todos eles, o 70,4% acude a centros públicos e o 29,6% restante, a centros privados (**cadro 3.5.5.**).

No concernente á educación primaria, o **cadro 3.5.5.** reflicte que son 149.980 os alumnos matriculados, que representaría o 33,5% do total de alumnos galegos. De todos eles, o 70,8% estudia en centros públicos e un 29,2% en centros privados. Comparado co curso anterior, descende o número de alumnos nos centros de educación primaria un 3,7%.

O **cadro 3.5.6.** reflicte o descenso do número de alumnos por unidade educativa nos cursos 97/98 e 98/99. En Galicia esta relación descende do 18,85 ata o 18,10 alumnos por unidade educativa, en tanto que en España, este ratio pasa de 21,15 a 20,65 alumnos por unidade educativa.

Desagregando a situación entre centros públicos e privados, os dous presentan un número de alumnos por centro inferior ó existente en España. O ratio alumnado/unidade ascendeu en Galicia a 16,8 no caso dos centros públicos e a 22,45 no caso dos privados no curso 98/99. No conxunto do estado, este ratio ascende a 19,70 e 23,10, respectivamente.

Para atender a estes alumnos, Galicia conta con 13.928 profesores de educación infantil e primaria, dos que o 80,8% imparten clases en centros públicos e o 19,2% restante o fai en centros privados. Xunto a eles hai que engadir que un total de 2.095 profesores compatibilizan o ensino en educación primaria e infantil e na educación secundaria (**cadro 3.5.7.**).

Comparado co curso anterior, prodúcese un aumento no número de profesores que dan clase nos centros de educación infantil e prima-

ria (1.085 profesores máis), concentrándose este aumento no caso dos centros de ensino público, xa que o número de profesores nos caso dos centros privados descende lixeiramente. Pola contra, descende o número de profesores que compatibiliza a educación infantil e primaria coa secundaria nun 47,9% (1.923 profesores menos), producíndose este descenso tanto no caso dos centros públicos como privados.

Educación secundaria: ESO, BUP e COU, FP

No curso 98/99 houbo un total de 1.115 centros de educación secundaria que acollen a 225.712 alumnos (un 7,4% inferior ó rexistrado no curso anterior), que representan o 50,4% dos alumnos galegos e o 7,1% do total español, fronte ó 7,3% do ano anterior.

Atendendo ós datos recollidos no antedito **cadro 3.5.4.**, o número de centros de **educación secundaria obligatoria** (ESO) en Galicia foi de 700, que supoñen o 6,7% do total de centros de ESO en España. Do total dos centros de ESO, o 74,3% son centros públicos e o 25,7% restante son privados.

O número de alumnos matriculados en Galicia nos centros de educación secundaria obligatoria en Galicia foi de 106.976, un 31,5% máis que no curso anterior. Estes escolares representan un 23,9% do total de alumnos galegos. O 75% dos estudantes de secundaria acude a centros públicos e o 25% restante, a centros privados.

En relación ós estudos de **BUP**, **bacharelato LOGSE** e **bacharelato experimental**, en Galicia existen, tal e como reflicte o **cadro 3.5.4.**, 265 centros, que supoñen un 5,4% do total de centros deste tipo de estudos en España. Do total dos centros de bacharelato, o 70,2% son centros públicos en tanto que o outro 29,8% son centros privados.

CADRO 3.5.7.

Profesorado nos centros de ensino no curso 1998-99

	Total	Galicia				Total España		
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CC.AA. con competencias	Territorio MEC	Total
Ed. infantil e Primaria								
Pública	11.257	4.410	1.718	1.179	3.950	106.037	59.873	165.910
Privada	2.671	1.111	218	276	1.066	40.091	20.022	60.113
Total	13.928	5.521	1.936	1.455	5.016	146.128	79.895	226.023
Ed. Secundaria e FP								
Pública	14.953	6.255	2.171	1.594	4.933	116.199	70.026	186.225
Privada	3.004	1.218	199	377	1.210	35.151	21.601	56.752
Total	17.957	7.473	2.370	1.971	6.143	151.350	91.627	242.977
Ambos grupos de niveis ⁽¹⁾								
Pública	1.342	412	73	225	632	5.907	12.912	18.819
Privada	753	255	71	96	331	4.569	6.200	10.769
Total	2.095	667	144	321	963	10.476	19.112	29.588
Educación especial ⁽²⁾								
Pública	205	108	29	16	52	1.643	1.330	2.973
Privada	115	46	-	-	69	1.648	977	2.625
Total	320	154	29	16	121	3.291	2.307	5.598
Total								
Pública	27.757	11.185	3.991	3.014	9.567	229.786	144.141	373.927
Privada	6.543	2.630	488	749	2.676	81.459	48.800	130.259
Total	34.300	13.815	4.479	3.763	12.243	311.245	192.941	504.186

⁽¹⁾ refírese ó profesorado que compatibiliza o ensino en Ed. Infantil/Primaria e Ed. Secundaria

⁽²⁾ refírese ó profesorado de centros específicos de Ed. Infantil

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

CADRO 3.5.8.

Centros e alumnos de BUP, COU e bacharelato LOXSE a distancia 1998-99

	Centros			Alumnos			
	Total	BUP-COU	Bacharelato LOXSE	Total	BUP	COU	Bacharelato LOXSE
Galicia	12	12	-	6.605	4.477	2.128	-
A Coruña	3	3	-	2.754	1.875	879	-
Lugo	3	3	-	892	612	280	-
Ourense	3	3	-	792	593	199	-
Pontevedra	3	3	-	2.167	1.397	770	-
Total España	91	77	14	42.795	28.793	13.050	952
CC.AA. con competencias	39	38	1	25.616	18.005	7.274	337
Territorio MEC	52	39	13	17.179	10.788	5.776	615

Fonte: Ministerio de Educación y Cultura

Os alumnos matriculados en Galicia nos centros de bacharelato e COU ascendeu a 66.900, un 28,7% menos que no curso anterior, o que supón o 14,9% do total de alumnos galegos. O 80,8% dos alumnos de bacharelato acude a centros públicos e o 19,2% restante, a centros privados.

No que respecta ós centros que imparten **BUP e COU a distancia** e ó seu alumnado, o **cadro 3.5.8.** reflicte que existen en Galicia 12 centros que acollen a 6.605 alumnos (466 menos que no curso anterior), que supoñen o 13,2% e o 15,4% do total de centros e alumnos matriculados en España, respectivamente.

Aínda que existen tres centros en cada provincia, A Coruña acolle o 41,7% do total de alumnos galegos matriculados nestes centros de educación a distancia, e Pontevedra o 32,8%.

No concernente á **formación profesional**, no curso 98/99 funcionaron en Galicia 150 centros de FP, repartidos da forma que se amosa no **cadro 3.5.4.** Como se pode observar, dúas terceiras partes corresponden a centros públicos e a terceira parte restante a centros privados.

Nestes centros de FP galegos estiveron matriculados 37.579 estudantes, o que representa un 8,4% do total de alumnos galegos. De todos eles, o 83,4% acude a centros públicos e

o 16,6% restante, a centros privados. Comparado co curso anterior, o número de alumnos desce un 30,8%.

Xunto a todos estes centros funcionaron en Galicia, como amosa o devandito **cadro 3.5.4.**, 38 centros de educación especial (dos que 16 son centros públicos), que supoñen un 4,6% do total de centros deste tipo de estudos en España. 17 destes centros están na provincia de Pontevedra e, destes, 12 son centros privados. En Lugo e Ourense, tódolos centros de educación especial son públicos.

Finalmente, os alumnos matriculados nos centros de **educación especial** foron 1.470 (representan o 0,3% do total de alumnos galegos), dos que o 59,2% acude a centros públicos e o 40,8% restante, a centros privados. Comparado co ano anterior, o devandito **cadro** reflicte que hai 5 alumnos máis neste último curso.

Educación universitaria

Galicia conta con tres universidades –Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña–, que dispoñen de sete *campus* repartidos nas catro provincias. No curso 1998-99 matriculáronse en Galicia, **cadro 3.5.9.**, un total de 98.528 alumnos e no 99/00 un total de 98.785, é dicir, 257 alumnos máis. Este crecemento no número de universitarios ven explicado polo aumento

CADRO 3.5.9.

**Alumnos matriculados no sistema universitario
1998-2000: primeiro e segundo ciclos ⁽¹⁾**

	Curso 1998-99	Curso 1999-00
A Coruña	25.641	26.148
Santiago	42.370	41.691
Vigo	30.517	30.946
Total	98.528	98.785

(1) Incluídos alumnos de centros adscritos

Fonte: Dirección Xeral de Universidades

CADRO 3.5.10.

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 1998-99 e 1999-2000:
distribución segundo a súa preferencia**

Curso 1998-99

	A Coruña (39 titulacións)		Santiago (42 titulacións)		Vigo (42 titulacións)	
	alumnos	%	alumnos	%	alumnos	%
1ª preferencia	3.343	72,19	4.575	66,00	3.967	66,69
2ª preferencia	661	14,27	1.265	18,25	1.011	17,00
3ª preferencia	312	6,74	551	7,95	477	8,02
Resto	315	6,80	541	7,80	493	8,29
Total (1ª, 2ª, 3ª pref.)	4.316	93,20	6.391	92,20	5.455	91,71

Curso 1999-2000

	A Coruña (40 titulacións)		Santiago (42 titulacións)		Vigo (44 titulacións)	
	alumnos	%	alumnos	%	alumnos	%
1ª preferencia	3.444	72,29	4.634	70,89	4.176	71,20
2ª preferencia	734	15,41	1.102	16,86	980	16,71
3ª preferencia	301	6,32	415	6,35	397	6,77
Resto	285	5,98	386	5,90	312	5,32
Total (1ª, 2ª, 3ª pref.)	4.479	94,02	6.151	94,10	5.553	94,68

Fonte: Comisión Universitaria de Galicia

CADRO 3.5.11.

**Alumnos matriculados no sistema universitario
1998-2000: terceiro ciclo**

	Curso 1998-99	Curso 1999-2000
A Coruña	735	933
Santiago	1.441	1.450
Vigo	620	652
Total	2.796	3.035

Fonte: Dirección Xeral de Universidades

CADRO 3.5.12.

Centros e alumnos doutros estudos non universitarios 1998-1999

	Centros	Alumnos	Profesores
Escolas oficiais de idiomas	8	18.859	252
Escolas de arte	4	1.475	121
Conservatorios de música	29	8.438	459
dependentes da Consellería	6	4.242	254
dependentes doutras entidades	23	4.196	205
Centros de música e danza	83	10.006	548
conservatorios de danza	1	196	7
centros autorizados de danza profesional	5	227	21
escolas de danza	9	601	21
centros autorizados de música	10	2.420	120
escolas de música públicas	42	4.519	257
escolas de música privadas	24	2.043	122
Esc. Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais	1	95	15

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

de alumnos matriculados nas universidades de Vigo e A Coruña, que compensa o descenso de alumnos matriculados na Universidade de Santiago nos dous últimos cursos.

A Universidade de Santiago de Compostela, con 41.691 alumnos matriculados no derradeiro curso académico, acolle ó 42,2% dos universitarios galegos, en tanto que a de Vigo ten o 31,3% e a de A Coruña, o 26,5% restante.

Para o curso académico 98/99 as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña ofertaron, respectivamente, 42, 42 e 39 titulacións, como recolle o **cadro 3.5.10**. No curso 99/00, o número de titulacións é de 42, 44 e 40, tamén respectivamente. Obsérvase que case un 71,4% dos alumnos matriculáronse na súa primeira opción no curso 99/00, cando no curso anterior esa porcentaxe ascendera ó 68%.

En relación ós cursos de **terceiro ciclo**, **cadro 3.5.11.**, no curso 98/99 inscribíronse nos cursos de doutoramento 2.796 estudantes, o que supón un 4,13% máis que no curso anterior. A universidade de Santiago de Compostela é quen máis alumnos acolle no terceiro ciclo con

1.441 alumnos matriculados, seguida da universidade de A Coruña e de Vigo, con 735 e 620 doutorandos, respectivamente.

No curso 99/00 o número de alumnos en cursos de doutoramento aumentou un 8,5%, ata chegar ós 3.035 alumnos. Santiago de Compostela acolle un total de 1.450 alumnos, fronte ós 933 de A Coruña e os 652 de Vigo.

Outros estudos non universitarios

Ademais dos habituais centros de educación xa analizados, existen outras institucións educativas como as escolas oficiais de idiomas, as escolas de arte, os conservatorios de música ou os centros de música e danza.

O **cadro 3.5.12.** amosa que en Galicia había, no curso 1998-99, un total de 8 escolas oficiais de idiomas, que acollían a 18.859 alumnos, e 4 escolas de arte, onde asistían un total de 1.475 estudantes. O número de profesores nestas escolas ascendeu a 252 e 121, respectivamente.

Os 29 conservatorios de música de Galicia, dos que 6 son dependentes da Consellería,

acollían a 8.438 alumnos, dos que 4.242 asistían ós conservatorios dependentes da consellería. Nos centros dependentes traballaban 254 profesores, mentres outros 205 daban clases nos centros dependentes doutras entidades.

Finalmente, dos 83 centros de música e danza existentes no curso 98-99, 66 corresponden a escolas de música, que acollían a 6.562 alumnos, dos que 4.519 asistían ás 42 escolas de música de titularidade pública. Existen ademais 10 centros autorizados de música, onde acuden 2.420 alumnos, e 15 centros adicados ó ensino da danza, con 1.024 alumnos. ■